



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2015

ASISTENTES:

Sr. Alcalde

Don José Muiño Domínguez(PP)

Sres. Concelleiros Asistentes

D. Carlos M. Sande Martínez (PP)
Don Carlos Allo Cundins (PP)
Dona Sheila Recarey Varela(PP)
Dona Begoña Torrado Lema (PP)
D. Enrique Díaz Varela (PSdeG-PSOE)

Ausentes:

Dona Sandra Méndez Blanco (PP)
Dona Miriam Mato Gil (PP)
D. Fernando M. Souto Verdes (BNG)
Dona Vanesa Barreira Rama (PSdeG-PSOE)
D. Adrián Paredes Ramos (PSdeG-PSOE)

Secretaría por acumulación de funcións

Dona Rosa Ana García Fernández

Interventora:

Gema Leal Insua.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, sendo as 9.00 horas do día 25 de novembro de 2015, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno da Corporación baixo a Presidencia de don José Muiño Domínguez, membro do Grupo do PP e con asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe, para tratar dos asuntos que configuran a Orde do Día da presente sesión.

Dá fe do acto a Secretaría desta Corporación en acumulación de funcións, dona Rosa Ana García Fernández.

Aberta a sesión pola Presidencia, previa comprobación polo Secretario do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese de seguido a coñecer dos seguintes asuntos incluídos na seguinte Orde do Día:

1.- NOMEAMENTO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DO 20 DE DECEMBRO DE 2015.

Procedese á realización do nomeamento mediante sorteo dos membros titulares e suplentes das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais do 20 de decembro de 2015, a través do programa informático "conoce", seleccionándose igualmente seis reservas por cada unha das mesas para ser cubertos os postos nos casos de renuncia que sexa admitida pola Xunta Electoral de Zona. Os resultados do sorteo xúntanse como anexo da presente acta.

2.- APROBAR, SE PROCEDE, A SOLICITUDE DO RÉXIMEN ESPECIAL DE REINTEGROS DE SALDOS DEUDORES DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013.

O Sr Alcalde le a proposta deste punto, que explica brevemente.

Non habendo intervencións, sométese a proposta de Alcaldía a votación, sendo aprobada por unanimidade dos membros presentes do Pleno, acordando éste:

"PRIMEIRO: Ordenar solicitar a ampliación do prazo de devolución da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao ano 2013, ata 10 anos, ratificando así o acordo adoptado mediante resolución nº 615/2015 de 29 de outubro.

SEGUNDO: Proceder a efectuar remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do certificado de acordo adoptado, a través do buzón de correo electrónico consultas.PTE.EELL@minhap.es, tal e como indican nas consultas que se lle efectuaron.”

3.-APROBAR, SE PROCEDE, A MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 5/2015 MCSC.

O Alcalde le a proposta ao respecto deste punto.

Non habendo intervencións, sométese a proposta de Alcaldía a votación, sendo aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co núm: 5/2015 MC SC

• *Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 79.000 €.*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE A DOTAR
920 120 09	<i>Outras retribucións básicas de funcionarios Administración Xeral</i>	2.877,06 €
931 120 09	<i>Outras retribucións básicas de funcionarios. Política Económica e Fiscal</i>	839,97 €
231 120 09	<i>Outras retribucións básicas de funcionarios . Asistencia social primaria</i>	437,19 €
130 120 09	<i>Outras retribucións básicas funcionarios de policía</i>	397,88 €
320 120 09	<i>Outras retribucións básicas funcionarios adheridos a educación.</i>	327,37
151 227 06	<i>Traballos técnicos en materia de urbanismo</i>	15.000 €
1531 227 99	<i>Traballos realizados por outras empresas en vías públicas, para a mellora de acceso a núcleos de poboación</i>	16.620,53 €
231 227 06	<i>Traballos prestados por outras empresas, asistencia social primaria</i>	20.000 €



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

334 226 09	<i>Gastos diversos actividades culturais e deportivas. Promoción da cultura</i>	10.000 €
341 227 06	<i>Traballos técnicos. Promoción do deporte</i>	10.000 €
323 622 00	<i>Reparacións edificios . Servizos complementarios educación</i>	2.500,00 €
TOTAL		79.000,00 €

- *Financiamento procedente de maiores ingresos recadados dos previstos nos conceptos de ingresos 113 00 e 550 00.*

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
113 00	<i>IBI urbana</i>	52.000,00 €
550 00	<i>Canon periódico concesións administrativas</i>	27.000,00 €
TOTAL		79.000,00 €

Segundo.- *Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.*

Terceiro.- *Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.*

Cuarto.- *Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.*

Quinto.- *Simultaneamente ao envío do anuncio a publicar anterior, remitir copia do expediente á Comunidade Autónoma e Administración Estatal."*

4.-APROBAR, SE PROCEDE, A SEGUNDA MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO.

O sr. Alcalde explica brevemente o contido deste punto.

Non habendo intervencións, sométese a proposta de Alcaldía a votación, sendo adoptado por unanimidade dos membros presentes do Pleno, o seguinte acordo:

"PRIMEIRO. *Aprobar a modificación do Plan económico-financeiro do Concello nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo (documento 11-15-014-AA-00; versión detallada de Plan Económico-Financeiro, o que conleva tamén Aprobar o límite de gasto computable non financeiro para o Orzamento do Concello de Cabana de Bergantiños para o exercicio 2015 por importe de 1.967.075,65 € euros, establecéndose o teito do límite de gasto non financeiro en termos SEC en 3.431.687,91 sempre que se manteñan os axustes efectuados para o cálculo da regra do gasto, sendo posible o incremento do dito teito sempre e cando se manteña o límite de gasto computable en 2.320.701,54 €*

SEGUNDO. *Publicar anuncio de aprobación da modificación do Plan Económico-financeiro no Boletín Oficial da Provincia, dar conta da aprobación do mesmo e do contido do plan á Dirección Xeral de*

Política Financeira e Tesouro, así como ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa publicación no seu portal web. Así mesmo, unha copia do Plan modificado encontrarase a disposición do público desde a súa aprobación até a finalización da súa vixencia.”

5.- APROBAR, SE PROCEDE, A MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO POPULAR DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO.

O Sr Alcalde da lectura á seguinte proposta de Alcaldía:

“O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Cabana de Bergantiños, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha coxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%,

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca “Galega 100%”, que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade completárase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de “Galega 100%” para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importante na economía deste municipio e da comarca de Bergantiños, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e a diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de Cabana de Bergantiños a aprobación dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: solicitar á Consellería de Medio Rural e do Mar a adhesión do Concello de Cabana de Bergantiños á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas “Galega 100%”.

Segundo: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de “Galega 100%” entre os consumidores en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) difusión da campaña publicitaria de “Galega 100%”

b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite “Galega 100%” e a visita de explotacións gandeiras e industriais lácteas adheridas a “Galega 100%”

c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo “Galega 100%”

d) medidas de entrega de leite “Galega 100%” nos principais eventos lúdico – festivos e deportivos deste concello.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Cuarto: Solicitar a Deputación de A Coruña que elabore un plan de apoio ó sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do concello de Cabana de Bergantiños en colaboración coas cooperativas, de forma coordinada con outras que se acheguen dende a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.”

Non existindo intervencións somete a cuestión a votación, resultando aprobada por unanimidade a Proposta recollida neste acta.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Iníciase este punto coa intervención do portavoz do grupo municipal do PSOE, Sr Díaz, quen manifesta:

“ Non debería de facerse este pleno desta maneira. Non se fixo o ordinario e tiña que haberse feito no seu día e éste podería facerse igualmente. Se non veño eu casi non hai quórum.”

O Sr Alcalde contéstalle : “ non era lóxico facer os dous plenos, é moito dinero, casi 1000€ cada un deles. O problema é ter que facer o sorteo das mesas electorais no Pleno, debería de cambiarse a Lei. “

O portavoz do g.m. PSOE volve a intervir: “ Vin unha resolución de Alcaldía de pago á empresa do PXOM, cómo está este asunto?.”

O Sr Alcalde respóndelle que o documento foi remitido á Xunta e ésta estableciu unhas rectificacións que en canto estean incorporadas poderá traerse ao Pleno o PXOM para aprobación inicial. Se expón, di, ao público e irase polas parroquias para informar á xente.”

D. Enrique Díaz volve a intervir: “ Segue a levar a mesma empresa a recollida de envases lixeiros? Deberíase de darlle un toque porque p. ex. en Nantón hai cousas que non recollen.”

O Sr Alcalde contéstalle que a xente debe de chamar para que sexan recollidas, e que non obstante falará con eles para que o fagan.-“

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Alcalde dá por rematada a sesión sendo as 10:02 horas, da que se estende a presente acta de tódolos asuntos debatidos e aprobados, do que eu, Secretaria por acumulación, dou fe e certifico.

O ALCALDE

A SECRETARIA POR ACUMULACIÓN.

Asdo. José Muiño Domínguez.

Asdo. Rosa Ana García Fernández